

MANIFESTO da Revolta das mulleres na Igrexa.

No marco das xornadas feministas do 8 de marzo, as mulleres crentes, de movementos e comunidades, saímos á rúa o domingo día 6 para alzar a nosa voz e dicir que queremos estar na Igrexa, con voz e voto!

VIMOS DE LONXE

Vimos dunha longa tradición feminista que loitou pola dignidade das mulleres, que esixiu a igualdade de dereitos, poder votar, liberdade sexual e reprodutiva, e no século XXI reconécese diversa, móstrase cunha forza nova e renovada, e este domingo 6 de marzo sae de novo á rúa para alzar a voz e dicir Abonda xa!

Vimos das mulleres valentes e libres das primeiras comunidades cristiás, e de todas as que ao longo da historia se negaron a quedar recluídas nos roles secundarios e invisibles aos que a tradición eclesial e teolóxica as quería someter.

Vimos da boa noticia dun Xesús que transgrede as normas dunha sociedade fundamente patriarcal.

Vimos dunha Igrexa que nos seus inicios fixo da igualdade entre homes e mulleres, unha das achegas máis radicais do cristianismo á historia da humanidade. Recuperémola!

SOMOS MOITAS

Somos moitas as que en todo o mundo alzamos a voz.

Somos maioría nas tarefas de voluntariado, nas celebracións relixiosas, como catequistas, nos consellos parroquiais.

Somos moitas nos movementos, asociacións, centros recreativos e no mundo educativo da infancia e mocidade. Son incontables as congregacións de relixiosas que traballan día a día polos dereitos dos máis vulnerables. Quen constitúe unha parte importante da Igrexa no século XXI? Nós!

DICIMOS ABONDA XA!

- Dicimos abonda xa a ser invisibilizadas e silenciadas.

- Dicimos abonda xa a ser tratadas con condescendencia coma se fósemos menores de idade.

- Dicimos abonda xa á discriminación por razón do sexo ou do xénero. Cantas mulleres vemos representando a institución? Cantas poden tomar parte na toma das decisións? Cantas teólogas traballan nas facultades de teoloxía, cantas acompañan espiritualmente, cantas son formadoras dos seminarios?

- Dicimos abonda xa a que se nos negue o sacerdocio debido ao noso corpo, un corpo que sempre está baixo sospeita.

- Abonda xa dunha visión negativa da sexualidade, que crea sufrimento.

- Abonda xa dunha imaxe dun Deus exclusivamente masculino.

IMAXINAMOS E CONSTRUÍMOS UNHA IGREXA NOVA

- Unha Igrexa que é comunidade de iguais, onde a muller é reconecida como suxeito de pleno dereito, con voz e voto en todas partes, onde a muller é valorada polos propios talentos, carismas e achegas ás comunidades.

- Unha Igrexa onde o liderado é compartido entre mulleres e homes, laicos, laicas, persoas consagradas e sacerdotes. Unha igrexa paritaria, máis plural e menos xerárquica.

- Unha Igrexa que acompaña sen xulgar toda a diversidade das familias, de identidades e orientacións sexuais.

- Unha Igrexa onde as mulleres xa somos, e reconecémonos con autoridade e liderado.

- Unha Igrexa que xa hoxe é semente de futuro.

Vimos de lonxe, somos moitas e alzamos a voz para dicir que abonda e esixir unha Igrexa nova que este 6 de marzo de 2022 dá un novo paso adiante.

Revolta de mulleres na Igrexa